



INSTRUCCIÓN DE COMEZO DE CURSO DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES, DURANTE O CURSO 2021/2022, NOS CENTROS DOCENTES DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS, DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu artigo 38, a obrigatoriedade de que as bibliotecas dos centros educativos sirvan aos obxectivos do proxecto lector de centro que, no mesmo artigo, se define como un programa de promoción da lectura no que se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

De igual maneira, o Decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia, recolle no artigo 18 a obriga de que os centros contén cunha biblioteca escolar como instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (proxecto lector de centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Co fin de promover e garantir no curso que se inicia o bo funcionamento das bibliotecas escolares nos centros educativos galegos, esta Dirección Xeral, no exercicio das súas competencias, **dita as seguintes instrucións para o curso 2021/2022, que serán de aplicación en todos os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que imparten ensinanzas de nivel non universitario, coa adaptación pertinente ás diferentes tipoloxías de centros (complementadas polo anexo I):**

Primeira. A biblioteca, como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe: “centro creativo das aprendizaxes”.

- 1. Todos os centros de niveis non universitarios deberán establecer as medidas organizativas oportunas para poñer a disposición de alumnado e profesorado e, na medida do posible, do resto da comunidade educativa, unha biblioteca escolar que favoreza o achegamento a libros informativos e de ficción, así como a outros recursos informativos e lúdicos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico; presentes na biblioteca ou dispoñibles a través de Internet; relacionados cos contidos do currículo ou que poidan cubrir a variedade de intereses de lectura e de aprendizaxe.**
- 2. O equipo directivo deberá tomar as medidas organizativas oportunas que garantan o correcto funcionamento deste servizo educativo¹.**

¹ Polas circunstancias excepcionais ocasionadas pola COVID-19 inclúese unha cláusula específica ao final deste documento que completa as anteriores mentres se mantéña a actual situación sanitaria.





3. **Os centros establecerán unha partida específica para o mantemento da biblioteca escolar, dentro dos orzamentos xerais do centro (entre un 5% e un 10% do orzamento deste).**
4. **O espazo da biblioteca deberá organizarse en función das prácticas que interesa incentivar e das experiencias que se pretenda estimular.** No canto de dedicar todo o espazo dispoñible a postos de lectura individual, deberá distribuírse o mobiliario de forma que favoreza a circulación das persoas usuarias, así como actividades individuais e grupais de lectura (formal e informal), consulta, participación, expresión, investigación, manipulación..., ampliando as posibilidades da biblioteca cara a unha factoría ou laboratorio creativo de aprendizaxes onde o diálogo, a participación activa e a comunicación son imprescindibles.
5. **No caso extremo de falta do espazo, ou cando as características do centro non faciliten a creación dunha biblioteca central con espazos diversificados, suficientes e con funcións especializadas, deberá deseñarse unha “biblioteca distribuída”** que terá as mesmas funcións que unha biblioteca escolar centralizada. En circunstancias normais (e aínda que o espazo sexa reducido) **non se poderán separar os recursos en lugares distintos en función do tipo de soporte (deben convivir o impreso e o dixital, os libros cos xogos e o equipamento tecnolóxico).**
6. **Esta biblioteca deberá ser cada vez máis unha biblioteca inclusiva, que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado no que atinxe á accesibilidade, aos recursos dispoñibles a través da colección física e virtual, aos equipamentos e ás actividades propostas.**
7. **A biblioteca escolar deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades, contribuíndo así aos cambios metodolóxicos imprescindibles.**
8. **A biblioteca escolar, conforme aos *Obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable*, debe proporcionar servizos e programas que dean resposta ás necesidades informativas das persoas que integran a comunidade educativa, formando ao alumnado para unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade complexa na que nos toca vivir.**
9. **A biblioteca deberá concibirse como mediadora das lecturas no centro, polo que será o “núcleo” da atención á formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa; con este fin, o equipo da biblioteca deberá deseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura que teñan en conta os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.**
10. **A biblioteca escolar é o contexto privilexiado para o desenvolvemento de competencias informacionais e mediáticas, como requisito para a construción do pensamento crítico, o que deberá terse en conta á hora de abordar o reforzo destas competencias clave.**
11. **A utilización habitual desta biblioteca para a *lectura, información e a aprendizaxe (LÍA)*, e como “centro creativo das aprendizaxes”, concirne a todo o profesorado, a**



todas as áreas, etapas e niveis, así como a todos os programas nos que está inmerso o centro para o desenvolvemento do seu Proxecto Educativo.

12. **O Proxecto Lector de Centro deberá ter unha vinculación estreita coa biblioteca escolar.**
13. **A biblioteca escolar incorporará ás familias (na medida do posible e a través de distintas fórmulas), co fin de implicalas na formación das lectoras e dos lectores e, tamén, na súa formación como usuarios críticos de información e dos medios de comunicación.**

Segunda. Organización da biblioteca escolar

1. **Os documentos organizativos do centro deberán facer referencia á existencia da biblioteca escolar, á súa organización e funcionamento. O Proxecto Educativo de Centro deberá integrar, así mesmo, o Proxecto Lector de Centro, que deberá atender ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción de información, en apoio da adquisición das competencias clave.** Este é un documento a medio prazo, polo que deberá ser revisado como mínimo cada 5/6 anos. O Proxecto Lector de Centro deberá garantir que ningún alumno ou alumna acabe excluída do seu dereito á lectura e á información por non acadar unha competencia mínima no uso dos instrumentos e das tecnoloxías que o sistema educativo pon ao seu alcance.
2. **Para un acertado desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, deberá elaborarse un Plan Anual de Lectura (PAL) que recollerá, entre outros aspectos, unhas liñas prioritarias de actuación ou programa específico para a biblioteca.** Estes documentos de planificación son imprescindibles para garantir actuacións que poidan dar resultados, alleas a dinámicas repetitivas e inconexas.
3. **O equipo de apoio á biblioteca, xunto coa persoa designada como responsable dela, e en colaboración coa xefatura de estudos, será o encargado de elaborar e difundir a través de distintas canles o plan de traballo anual, que favoreza a participación nas actividades e o uso, por parte de alumnado e profesorado, das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.**
4. **Desde a biblioteca escolar coordinaranse as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro e deberán contemplarse os beneficios de experiencias de eficiencia xa contrastada como a “Hora de ler”, actividades de lectura compartida ou os clubs de lectura, nas súas diferentes fórmulas.**
5. **Poñerase especial atención en superar a fase de “celebración” dos días marcados no calendario civil ou no ciclo anual, facendo unha selección non ritualista dos días que se conmemoren desde a biblioteca, acorde cos obxectivos do Proxecto Lector de Centro, do correspondente Plan Anual de Lectura e, de existir, do *proxecto documental integrado* ou proxecto anual de centro, de carácter interdisciplinario, coordinado desde a biblioteca escolar. Suxírese traballar temáticas vinculadas aos *Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030* da ONU, ou outras con gran potencial educativo (lectura, xéneros literarios minoritarios, cultura tradicional, dereitos humanos,**





cuestións do ámbito das ciencias sociais ou naturais etc.), co fin de poder facilitar a elección das datas a conmemorar e, como consecuencia, a mellora de resultados.

Recoméndase tomar como referencia a disposición adicional primeira da Orde de 19 de abril de 2021, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos para o curso 2021/2022 (DOG do 04/05/2021), que recolle as orientacións desta consellería en relación á organización e funcionamento das bibliotecas escolares.

Terceira. Xestión técnica e patrimonio bibliográfico.

- 1. A colección da biblioteca escolar debe ser revisada anualmente e responder ás necesidades das persoas usuarias en materia de lectura e de información e, por suposto, cubrir todas as áreas de aprendizaxe propias das ensinanzas que imparte o centro.** Procurarase unha axeitada integración das ciencias e das humanidades. Segundo as recomendacións internacionais, tenderase a acadar un 60% de fondos de tipo informativo e un 40% de fondos de ficción (neste cómputo téñense en conta tamén os recursos electrónicos seleccionados pola biblioteca). Os centros de tipoloxía específica (conservatorios, escolas oficiais de idiomas e outros) deberán contemplar tamén os recursos para a promoción da lectura.
- 2. Empregaranse sistemas estandarizados** para o rexistro, catalogación, clasificación e presentación física o virtual dos materiais que forman parte da colección, como os programas Meiga ou Koha-Bescolares (que comezará a instalarse paulatinamente na rede de bibliotecas escolares de Galicia).
- 3. Na xestión da colección terase en conta a lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia, pola que deben conservarse determinados fondos.** Ademais, contemplaranse as seguintes cuestións á hora de realizar labores de expurgación dos fondos:
 - a. Débense conservar os libros editados en galego con anterioridade ao ano 1984, especialmente aqueles relacionados coa literatura infantil e xuvenil, ou vinculados co ámbito educativo. No caso de non poder garantir a súa axeitada conservación, deberán ser transferidos ao Mupega (Museo Pedagóxico de Galicia).**
 - b. Para expurgar libros anteriores ao ano 1950 deberá consultarse co Mupega.**
 - c. No caso de recibir a oferta de doazóns, cada centro deberá estudar a viabilidade de aceptalas, atendendo á súa pertinencia e relevancia para formar parte da súa colección, e tendo en conta que a biblioteca escolar actual non debe quedar supeditada á existencia deste tipo de doazóns se non hai espazo suficiente nin medios para a xestión das mesmas (ou o contido da doazón non se considera de interese para ese centro educativo en concreto). Consultarase con esta dirección xeral (Asesoría de bibliotecas escolares) as posibles saídas a este tipo de situacións.**



- d. Conservaranse aquelas obras de persoas relevantes no ámbito das artes, das ciencias, do deporte etc. que teñen carácter único por conter anotacións, dedicatorias, ex libris...
4. Cando existan este tipo de fondos de carácter histórico ou de alto valor patrimonial e se decida preservalos no propio centro, deberán tomarse medidas para diferenciar o “fondo histórico” (creando unha “biblioteca histórica” ou unha “biblioteca de investigación”), do resto dos fondos, equipamentos e servizos da biblioteca escolar, deseñada para cubrir as necesidades do alumnado no presente, conforme ao recollido na cláusula primeira destas instrucións.

Cuarta. Profesorado responsable da biblioteca escolar e do equipo de apoio; alumnado voluntario.

1. Tal e como aparece recollido na Orde de 17 de xullo de 2007², no seu artigo 8º, **a dirección do centro designará unha persoa como responsable da biblioteca escolar** por un período mínimo de dous anos, dando prioridade á súa formación específica, á experiencia, ao interese e á dispoñibilidade horaria, que actuará baixo a coordinación da xefatura de estudos. As funcións desta dinamización están recollidas no artigo 10º da devandita orde.
2. **A persoa responsable da biblioteca integrarase na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.**
3. **Crearase, así mesmo, un equipo de apoio á biblioteca**, formado por profesorado do centro dos distintos niveis, etapas ou departamentos existentes nel, para garantir o seu carácter interdisciplinario.
4. **Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro deberá dar prioridade á biblioteca escolar e asignar horas lectivas e complementarias ao responsable da biblioteca e ao profesorado do equipo de apoio**, axustadas ao labor que estes docentes realizan en beneficio de toda a comunidade educativa, a efectos de facer rendibles os importantes investimentos realizados nas bibliotecas e de velar polo cumprimento das funcións que lles corresponden no centro educativo.
5. **Desde a xefatura de estudos favorecerase, no posible, un tempo para a coordinación entre os membros do equipo de biblioteca.**
6. **Recoméndase a creación dun grupo estable de alumnado voluntario, con formación inicial, distribución de tarefas e supervisión do profesorado**, á vista dos excelentes resultados desta práctica nos centros incluídos nas iniciativas do programa “Bibliotecas Escolares Solidarias”, tanto para o alumnado participante como para o conxunto da comunidade educativa.

² Orde de 17 de xullo de 2007 (DOG de 24/07/2007) que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.





7. O profesorado que configura o equipo da biblioteca coa colaboración dun grupo de alumnado voluntario programará cada curso, entre outras tarefas, a formación das persoas usuarias da mesma, a través dun mínimo de actividades sistematizadas, planificadas previamente.

Quinta. Avaliación

1. **As bibliotecas escolares aplicarán indicadores de avaliación** para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das liñas de actuación deseñadas.
2. **A persoa responsable da biblioteca escolar coordinará a realización dunha memoria anual que incluíra unha avaliación dos servizos ofrecidos pola biblioteca e os apoios e actividades realizadas ao longo do curso escolar.** Esta memoria será visada pola dirección e integrada na Memoria Final do centro que se remite á Inspección. Nos centros PLAMBE esta memoria deberá recoller, ademais, os aspectos que se contemplan no apartado correspondente da orde anual de convocatoria, e hase de remitir a esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a súa valoración nos tempos establecidos a tal efecto.

Sexta: Garantías para o cumprimento destas instrucións.

O persoal desta dirección xeral adscrito á Asesoría de Bibliotecas Escolares orientará e informará en relación aos aspectos metodolóxicos recollidos nestas instrucións tanto no referente ao Proxecto Lector de Centro como á organización e funcionamento da biblioteca escolar.

A Inspección Educativa velará polo cumprimento das presentes instrucións, moi especialmente nos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, e orientará en relación coas mesmas aos distintos sectores da comunidade educativa.

Cláusula específica COVID-19 – Curso 2021/2022

A biblioteca escolar debe seguir sendo, na medida do posible, o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes, en liña coas instrucións recollidas neste documento, beneficiando así a toda a comunidade educativa e ofrecendo oportunidades diversas de acceso a información relevante. O seu funcionamento supeditarase, en todo caso, ás pautas dadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o conxunto do centro educativo. Teranse en conta, mentres dure a situación excepcional por razóns sanitarias, as seguintes medidas:

1. Desde o equipo da biblioteca **planificaranse os distintos escenarios** que se poidan dar ao longo do curso, incluíndo a posibilidade de cese das actividades presenciais, adaptando cuestións como o persoal de atención da biblioteca, o horario de atención directa ao alumnado, o aforo máximo da biblioteca, as condicións do préstamo de materiais, as actividades a realizar dentro da biblioteca, as medidas hixiénicas imprescindibles e outros.





2. **Nun escenario de actividade académica non presencial, o equipo da biblioteca poderá establecer un horario de atención para profesorado e alumnado**, co fin de apoiar e orientar actividades de procura de información e de selección de recursos documentais para o tratamento dos contidos curriculares. Concretarase o medio máis axeitado para estes apoios (correo electrónico ou outro).
3. **Actualizarase o espazo web da biblioteca**, integrado preferentemente na páxina web do centro, como un instrumento esencial para a comunicación co alumnado e as familias, a difusión de recursos seleccionados, a comunicación de propostas e retos, a publicación de producións elaboradas polo alumnado e outros.
4. O equipo da biblioteca deberá **reforzar a función desta no referente á selección de recursos relacionados coas distintas áreas de aprendizaxe**, ofrecendo unha mínima colección dixital de recursos electrónicos accesibles no seu espazo web, convenientemente clasificados.
5. Ante medidas especiais de prevención e actividade non presencial, parcial ou total, **deberá adaptarse o Plan Anual de Lectura (PAL)** para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro: Hora de ler, clubs de lectura, lecturas compartidas e outras.
6. **Promoveranse situacións pedagóxicas que favorezan unha metodoloxía de aprendizaxe activa** a través de proxectos ou retos para a elaboración dos traballos de investigación (busca de información e elaboración de produtos escritos/orais ou en soporte electrónico).
7. A biblioteca deberá **enfocar a súa actuación a reforzar a adquisición das competencias en materia de lectura crítica, de medios de comunicación e de habilidades no acceso e produción de información**, as denominadas competencias ALFIN/AMI. Recoméndase ter en conta o desenvolvemento curricular contemplado na Orde de 15 de xullo de 2015, publicado no DOG do 21/07/2015, referido á materia de libre configuración “Investigación e tratamento da información”, para 1º e 2º da ESO, así como a adaptación publicada na páxina de Bibliotecas Escolares para 4º e 6º de primaria³, co fin de planificar actividades sistematizadas para a formación do alumnado nun uso crítico da información e dos medios de comunicación, con recursos suficientes para a identificación das noticias falsas e a manipulación da información, estratexias para a busca e selección de información en “sitios” fiables etc.
8. **Crearanse situacións** nas que lectoras e lectores se atopen cos contidos culturais en diferentes soportes e formatos, que amplíen a súa mirada sobre o mundo e a súa experiencia.
9. **En relación co número de usuarios simultáneos** na mesma franxa horaria, o *Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022* segundo resolución conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Consellería de Sanidade do 1 de setembro de 2021, contempla que a biblioteca poderá ser usada de acordo co aforo xeral previsto para as bibliotecas públicas.
10. O equipo de biblioteca **senalizará nas mesas e outros postos de traballo** aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

³ Accesible en <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/805>





11. **En relación coa desinfección do espazo e dos materiais recoméndase** a desinfección do espazo utilizado, ao rematar a sesión, por parte do usuario.
12. **No referente ao servizo de préstamo** de libros ou outro material, realizarase de xeito habitual.
13. Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Jesús Manuel Álvarez Bértolo





ANEXO I

ANOTACIÓNS EN RELACIÓN COAS INSTRUCIÓNS DE 1 DE SETEMBRO DE 2021, DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES, DURANTE O CURSO 2021/2022, NOS CENTROS DOCENTES DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS, DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.

Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector do centro.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu artigo 38, a obrigatoriedade de que as bibliotecas dos centros educativos sirvan aos obxectivos do Proxecto Lector de Centro que, no mesmo artigo, se define como un programa de promoción da lectura no que se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

De igual maneira, o Decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia, recolle no artigo 18 a obriga de que os centros contén cunha biblioteca escolar como instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola LOMCE⁴, no seu **artigo 113**, fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes recursos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros.

O propio Ministerio de Educación fixo público en 2011 o *Marco de referencia para las bibliotecas escolares*⁵, no que se definen como “centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.

⁴ [Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.](#)

⁵ [Marco de referencia para las bibliotecas escolares. Ministerio de Educación \(2011\).](#)





Estas bibliotecas deben permitir o acceso a materiais informativos actualizados, diversos, apropiados, suficientes en número e calidade, e contemplar todas as áreas do currículo. Son espazos, tamén, para a lectura, facilitadores de experiencias gratas de encontro e convivencia cos libros e cos recursos culturais en xeral. Deben apoiar os programas do centro no seu conxunto, especialmente aqueles que vaian enfocados á formación no uso crítico e ético da información e na transformación desta en coñecemento”.

Pola súa parte, a IFLA (*International Federation of Library Associations*), o principal organismo internacional en materia de bibliotecas e documentación, deu a coñecer en 2015 unha versión revisada das súas directrices para as bibliotecas escolares (2002), e nela recóllese que a biblioteca escolar *é unha contorna física e dixital de aprendizaxe na escola onde a lectura, o interese, a investigación, o pensamento, a imaxinación e a creatividade son centrais para a viaxe cara á información e ao coñecemento dos estudantes, tamén cara ao seu crecemento persoal, social e cultural.*

Son estas bibliotecas as que poden favorecer a **alfabetización múltiple**, un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura, tal e como se entendía ata o momento, e que aparece recollido no documento de referencia do Consello da UE (2012): *Conclusións do Consello, de 26 de novembro de 2012, sobre alfabetizacións múltiples. Diario Oficial da Unión Europea.*⁶

Neste contexto defínese a alfabetización múltiple como a *“comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica”*, abundando en que esta *“competencia é esencial para a vida”* e que *“é a porta cara ao resto das aprendizaxes”*.

Os avances vividos nos últimos anos, desde a implantación en 2007 dos primeiros proxectos lectores de centro, modificaron de forma significativa a presenza da lectura no ámbito escolar. A meirande parte dos centros de primaria, e un bo número dos de secundaria, dedican un tempo á lectura en horario lectivo, a comunmente denominada “hora de ler”, na que se poñen en práctica distintas fórmulas (lectura silenciosa sostida, lecturas guiadas, lectura en voz alta, proxectos arredor dun libro...) que derivan nun maior compromiso do alumnado coa súa formación como lectores. Os clubs de lectura son outra realidade que se observa con gran interese desde dentro e fóra de Galicia, como unha das prácticas máis enriquecedoras para o alumnado que voluntariamente participa nestas iniciativas, que están demostrando a súa potencialidade no desenvolvemento de competencias clave, máis aló da evidente formación lectora. A implicación das familias a través de actividades como as “mochilas viaxeiras” ou as sesións de lectura compartida, tan comúns nos centros de infantil e primaria, é fundamental para avanzar na sensibilización do alumnado, e da sociedade en xeral, sobre a necesidade de contar cuns niveis de lectura comprensiva e de apego á lectura (independentemente do contido, o soporte ou o formato), como ferramenta de construción persoal e social. Todas estas dinámicas serían impensables sen un

⁶ <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2012:393:0001:0004:ES:PDF>





instrumento esencial como é a biblioteca escolar, con profesorado formado e dinámico á súa fronte e unha comunidade educativa organizada e comprometida coa súa existencia nos centros.

As bibliotecas escolares exercen, ademais, a función de achegar a toda a poboación escolar uns recursos culturais e para a aprendizaxe que a situación socioeconómica das familias, ou a dispersión das entidades de poboación propias do rural galego, ás veces non facilitan. Así, as bibliotecas cumpren unha función de compensación das desigualdades poñendo a disposición do alumnado e das súas familias, materiais actualizados e seleccionados con criterios de calidade, así como oportunidades para o encontro coa cultura en xeral e coa lectura en particular.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, puxo en marcha no ano 2005 un programa para a mellora das bibliotecas escolares (o PLAMBE), integrado agora no PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), do que está iniciando o desenvolvemento a súa terceira fase para o período 2021/2025. Tras 17 convocatorias seguidas, este programa permitiu unha visible renovación dos equipamentos das bibliotecas que se foron incorporando (grazas a unha inversión importante das administracións educativas, pero tamén a un significativo cambio no modo de entender o papel das bibliotecas nos centros educativos), ao tempo que ampliaban as súas funcións, especialmente a de apoio ao desenvolvemento do currículo. Os esforzos realizados polas comunidades educativas na organización dos recursos - tanto materiais como humanos- contribuíron a esta renovación, e acadaron, ademais, recoñecemento a nivel nacional e internacional e, o que é máis importante, representan un importante apoio a todas as ensinanzas que se imparten nos centros e á formación do alumnado como lectores e como usuarios de información.

A experiencia destes últimos anos pon de manifesto a **importancia dun equipo estable de biblioteca e a existencia dunha coordinación con tempo dispoñible, experiencia e formación**, para que os avances sexan posibles, para que a biblioteca teña un mínimo de continuidade e para lograr resultados significativos no ámbito da lectura e doutras competencias clave.

Valorada a resposta das comunidades educativas ás anteriores instrucións ditadas por esta dirección xeral en relación coa biblioteca escolar, diante dos cambios normativos e **a necesaria adaptación ás novas necesidades educativas**, cómpre seguir avanzando, na convicción de que as bibliotecas escolares son un factor de calidade do ensino que ofertan os centros educativos galegos, garantir o mantemento do nivel de excelencia acadado por unha boa parte das bibliotecas integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares e favorecer a extensión a todos os centros dun modelo que facilita a consecución de logros a nivel académico e que beneficia a toda a comunidade educativa.

A continuación realízanse algunhas anotacións ao documento de instrucións para o curso 2021/2022, que serán de aplicación en todos os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que imparten ensinanzas de nivel non universitario, coa adaptación pertinente ás diferentes tipoloxías de centros:



Primeira: A biblioteca, como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe: “centro creativo das aprendizaxes”

14. **Todos os centros de niveis non universitarios deberán establecer as medidas organizativas oportunas para poñer a disposición de alumnado e profesorado e, na medida do posible, do resto da comunidade educativa, unha biblioteca escolar** que favoreza o achegamento a libros informativos e de ficción, e a outros recursos informativos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico; presentes na biblioteca ou dispoñibles a través de Internet; relacionados cos contidos do currículo ou que poidan cubrir a variedade de intereses de lectura e de aprendizaxe.

A biblioteca, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, deberá facilitar oportunidades de aprendizaxe diversas, e ocasións para o encontro entre os distintos membros da comunidade educativa en relación coa lectura, o acceso ao coñecemento e a cultura en xeral.

15. **O equipo directivo deberá tomar as medidas organizativas oportunas que garantan o correcto funcionamento deste servizo educativo.**

*A biblioteca escolar é un instrumento imprescindible para o traballo por competencias e o desenvolvemento do currículo. Por esta razón, o equipo directivo, no exercicio das súas funcións, deberá promover que todo o profesorado contemple este recurso como un apoio para o exercicio das súas funcións docentes, e **contribúa coa súa actuación directa ou indirecta, e na medida do posible, á súa existencia.** A biblioteca escolar dos centros educativos é o resultado da corresponsabilidade da administración, das direccións dos centros, dos equipos docentes e das comunidades educativas no seu conxunto.*

16. **Os centros establecerán unha partida específica para o mantemento da biblioteca escolar, dentro dos orzamentos xerais do centro** (entre un 5% e un 10% do orzamento do centro).

A biblioteca subministra fontes informativas para todas as áreas de aprendizaxe do centro, e diseña actividades para toda a comunidade educativa. A este orzamento ordinario, sumaranse as dotacións extraordinarias que poidan recibirse desde a administración educativa para o mantemento da colección ou a mellora dos equipamentos básicos.

17. **O espazo da biblioteca deberá organizarse en función das prácticas que interesa incentivar e das experiencias que se pretenda estimular.** No canto de dedicar todo o espazo dispoñible a postos de lectura individual, deberá distribuírse o mobiliario de forma que favoreza a circulación das persoas usuarias, así como actividades individuais e grupais de lectura (formal e informal), consulta, participación, expresión, investigación, manipulación..., ampliando as posibilidades da biblioteca cara a unha factoría ou laboratorio creativo de aprendizaxes onde o diálogo, a participación activa e a comunicación son imprescindibles.



Nesta adaptación das bibliotecas escolares ás novas necesidades educativas, ás novas formas de comunicación e de traballo coa información, é imprescindible repensar o espazo, reubicar mobiliario, redeseñar as seccións e os servizos da biblioteca. Pero a guía para estas actuacións han ser sempre as intencións pedagóxicas: saber que prácticas se queren incentivar. Está demostrado que o traballo colaborativo ou a comunicación e a participación imprescindibles nas metodoloxías activas favorécense cunhas determinadas distribucións do mobiliario e dificultáanse con outras, por exemplo. Por outra parte, a incorporación da robótica, dos videoxogos, dos audiovisuais e dos recunchos manipulativos ou creativos pide unha reestruturación do espazo e favorece avances cara a ese “centro creativo das aprendizaxes” no que a cultura “maker”, a exploración, a investigación, o traballo colaborativo ou as aprendizaxes baseadas en proxectos poden desenvolverse con maior fluidez.

- 18. No caso extremo de falta do espazo, ou cando as características do centro non faciliten a creación dunha biblioteca central con espazos diversificados, suficientes e con funcións especializadas, deberá deseñarse unha “biblioteca distribuída”, onde as bibliotecas de aula e outros espazos dedicados á posibilitar fontes informativas ou actividades relacionadas con lectura ou tratamento da información conformen, no seu conxunto, “a biblioteca”, e que terá as mesmas funcións que unha biblioteca escolar centralizada. En circunstancias normais (e aínda que o espazo sexa reducido) non se poderán separar os recursos en lugares distintos por mor do soporte: deben convivir o impreso e o dixital, os libros cos xogos e o equipamento tecnolóxico.**

En termos xerais, as bibliotecas de aula ou departamento serán considerados como seccións da biblioteca escolar do centro, e deberá realizarse unha xestión centralizada de todos os seus recursos (aínda cando algúns materiais poidan estar temporal ou definitivamente situados nesas seccións). A biblioteca central deberá contar cun número suficiente de ordenadores con acceso a Internet, de forma que se garanta unha consulta equilibrada, no mesmo proceso de busca, de distintas fontes informativas. A existencia dunha “aula de informática” no centro, en moitos casos, non é garantía suficiente de acceso aos distintos recursos dixitais para todo o alumnado nos procesos de busca e contraste de información, polo que se deberá ter en conta esta circunstancia á hora de redistribuír os equipamentos dispoñibles. Algúns centros fusionaron xa os espazos de biblioteca e “aula de informática”, evolucionando cara un espazo de aprendizaxe multifuncional máis acorde ás novas necesidades educativas.

Cómpre atender a necesidade do alumnado de contar con recursos dixitais para a elaboración dos seus traballos de investigación (busca de información e elaboración de produtos escritos ou en soporte electrónico), nun momento de potenciación das prácticas metodolóxicas que esixen a formación do alumnado neste tipo de tarefas (metodoloxía de traballo por proxectos, posibilidade de optar por unha materia de libre configuración como “Investigación e Tratamento da Información” para 1º ou 2º curso de ESO”, ou as correspondentes adaptacións para 4º/6º de primaria etc.). Neste sentido, recoméndase a





consulta dos vídeos gravados nos primeiros centros participantes do proxecto LIA.2, que están a explorar a evolución do modelo de biblioteca escolar (accesibles na web de Bibliotecas escolares de Galicia).

- 19. Esta biblioteca deberá ser cada vez máis unha biblioteca inclusiva, que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado no que atinxe á accesibilidade, aos recursos dispoñibles a través da colección física ou virtual, aos equipamentos e ás actividades propostas.**

A biblioteca escolar inclusiva non pode conformarse con ter recursos dispoñibles para toda a comunidade educativa, tamén debe idear fórmulas para atraer e vincular ao alumnado que máis poida necesitar os instrumentos de acceso ao coñecemento ou que precise adaptacións acordadas ás súas necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE). A localización da biblioteca no centro, a selección de materiais físicos ou dixitais para a colección, a sinalización, a distribución do mobiliario ou as propostas de actividades deben ter en conta estes principios.

- 20. A biblioteca escolar deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades,** contribuíndo así aos cambios metodolóxicos imprescindibles.

“Necesitamos propiciar as condicións que permitan o oportuno cambio metodolóxico, de forma que o alumnado sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe”. Esta afirmación, recollida no preámbulo da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, apoia unha tendencia iniciada por algúns centros educativos galegos a través das súas bibliotecas, que están liderando na nosa comunidade a introdución de metodoloxías de aprendizaxe por proxectos, realizando propostas, coordinando e apoiando directamente proxectos de carácter interdisciplinario, ademais de apoiar cos seus recursos o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias. Cómpre continuar nesta liña, diante dos beneficios observados nos centros que xa teñen un certo percorrido neste sentido.

- 21. A biblioteca escolar, conforme aos Obxectivos 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable, debe proporcionar servizos e programas que dean resposta ás necesidades informativas das persoas que integran a comunidade educativa,** formando ao alumnado para unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade complexa na que nos toca vivir.

As bibliotecas constitúense como entidades privilexiadas para traballar co alumnado e cos distintos sectores da comunidade educativa a prol dos Obxectivos 2030. Recoméndase unha revisión destes obxectivos á hora de deseñar programas anuais ou organizar actividades relacionadas con cada un dos ámbitos que cobren.⁷

⁷ <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>



22. **A biblioteca deberá concibirse como mediadora das lecturas no centro**, polo que será o “núcleo” da atención á formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa; con este fin, **deberá deseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura que teñan en conta os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.**

A fin de superar determinados preconceptos, o equipo de biblioteca debe asesorar aos lectores e lectoras sobre as posibilidades que ofrecen os libros informativos ou os xéneros literarios minoritarios ou, tamén, os autores e as autoras máis diverxentes. A existencia dun club de lectura temático (de filosofía, de ensaio, de poesía...) pode abrir portas a novos lectores, por exemplo. Finalmente, a biblioteca debe superar o enfoque da “animación á lectura” e pensar na transversalidade da lectura, en crear situacións nas que lectoras e lectores se atopen cos contidos culturais en diferentes soportes e formatos, que amplien a súa mirada sobre o mundo e a súa experiencia.

23. **A biblioteca escolar é o contexto privilexiado para o desenvolvemento de competencias informacionais e mediáticas, como requisito para a construción do pensamento crítico**, o que deberá terse en conta á hora de abordar o reforzo destas competencias clave.

Cómpre valorar a posibilidade de impartir no centro a materia de libre configuración “Investigación e Tratamento da Información” para ESO, ou as súas adaptacións a primaria; cando isto non sexa posible, o desenvolvemento curricular desta materia, publicado pola consellería en 2015⁸ pode servir de referencia para o deseño de programas de formación desde a biblioteca escolar ou para incluír determinados aspectos, de forma sistematizada, nas actividades que se programen.

24. **A utilización habitual desta biblioteca para a lectura, información e a aprendizaxe (LÍA), e como “centro creativo das aprendizaxes”, concirne a todo o profesorado**, a todas as áreas, etapas e niveis, así como a todos os programas nos que está inmerso o centro para o desenvolvemento do seu Proxecto Educativo.

Todos os departamentos ou niveis educativos, todos os programas do centro beneficianse dos recursos da biblioteca escolar e das oportunidades que esta ofrece para ampliar ou desenvolver tarefas de aprendizaxe. O equipo de biblioteca debe atender as necesidades de todas as áreas curriculares á hora de valorar novas adquisicións para un correcto equilibrio da colección, pero tamén os departamentos e outros equipos docentes deben contribuír coas súas propostas a unha adecuada selección de materiais, físicos ou virtuais.

Da mesma forma, a existencia de programas como Abalar/E-dixgal, Contratos-programa ou Proxecta (entre outros) deberán ser unha oportunidade de traballo coordinado e de

⁸ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150721/AnuncioG0164-160715-0001_gl.html





aproveitamento dos recursos en beneficio dos resultados académicos e de aprendizaxe do alumnado.

25. O Proxecto Lector de Centro deberá ter unha vinculación estreita coa biblioteca escolar.

Tal e como aparece recollido nos decretos dos currículos de primaria⁹ e secundaria¹⁰, que contemplan a elaboración do Proxecto Lector de Centro (e no que a biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos seus obxectivos), este deberá contribuír á mellora das habilidades de lectura e escritura, así como á adquisición de competencias no uso, tratamento e produción de información. As revisións que se aborden dos proxectos lectores deberán contemplar tanto a lectura como a escritura e as competencias de traballo coa información, tal e como recollen os devanditos currículos, así como superar a confusión que se dá en ocasións entre proxecto lector (concepto amplo e de certa complexidade) e algunhas das súas posibles concrecións (hora de ler, itinerarios lectores ou outros).

26. A biblioteca escolar incorporará ás familias (na medida do posible e a través de distintas fórmulas), co fin de implicalas na formación das lectoras e dos lectores e, tamén, na súa formación como usuarios críticos de información e dos medios de comunicación.

Son moitos os exemplos de bibliotecas escolares que traballan neste sentido: as seccións específicas dentro da colección destinadas aos adultos; os espazos de lectura específicos para nais e pais; os clubs de lectura de adultos nos que se implica profesorado, persoal non docente, nais, pais ou exalumnos; os grupos de adultos colaboradores; as “familias lectoras” ou simplemente as mochilas viaxeiras pensadas como instrumento de vinculación, son algunhas propostas que ofrecen bos resultados. Cada centro deberá estudar as fórmulas máis axeitadas para procurar a complicidade e a participación das familias da súa comunidade educativa nas propostas e actividades da biblioteca escolar.

Segunda. Organización da biblioteca escolar

Recoméndase tomar como referencia a disposición adicional primeira da Orde de 19 de abril de 2021, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos para o curso 2021/2022 (DOG do 04/05/2021), que recolle as orientacións desta consellería en relación á organización e funcionamento das bibliotecas escolares. Achégase como anexo a estas instrucións.

⁹ [Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

¹⁰ [Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia.](#)





1. **Os documentos organizativos do centro deberán facer referencia á existencia da biblioteca escolar, á súa organización e funcionamento. O Proxecto Educativo de Centro deberá integrar, así mesmo, o Proxecto Lector de Centro que deberá atender ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción de información, en apoio da adquisición das competencias clave.**

Cómpre revisar, como documento a medio prazo, o proxecto lector de centro á luz das novas necesidades educativas: lectura entendida como alfabetización múltiple e necesidade de traballar de forma intensiva para a adquisición da competencia informacional e mediática. A estratexia da UNESCO no seu documento “Alfabetización Mediática e Informacional: Curriculum para profesores” (2011) é reunir dous ámbitos tradicionalmente separados (o mediático e o informacional) como un conxunto combinado de competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) necesarias para a vida e o traballo de hoxe. A AMI (Alfabetización mediática e informacional) abarca toda a tipoloxía de medios de comunicación e outros provedores de información, como bibliotecas, arquivos, museos e Internet, independentemente das tecnoloxías empregadas. A complexidade desta competencia que, segundo a UNESCO, está conformada por tres alfabetizacións básicas (informacional, mediática e dixital), aconsella un tratamento exhaustivo ao longo dos diferentes períodos educativos obrigatorios e postobrigatorios, así como nos estudos universitarios e na educación non regrada (coa implicación, neste caso, do sector bibliotecario da rede de lectura pública). A Comisión Europea, pola súa parte, insiste nas competencias informacionais e mediáticas ao integralas no documento DigComp, un marco para o desenvolvemento de competencias dixitais en Europa publicado en 2013.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou en 2016 o Informe elaborado polo GTALFIN, un grupo de traballo integrado no Consejo de Cooperación Bibliotecaria, baixo o título: “Integración de las competencias ALFIN/AMI en el sistema educativo: referencias, contexto y propuestas”¹¹, do que se poden extraer moitas referencias en relación ao papel da biblioteca escolar á hora de abordar o traballo a prol das competencias informacionais e mediáticas do alumnado.

O perigo que anteriormente se denominaba fenda dixital é hoxe, a teor dos expertos, a “infoexclusión”, que fai referencia ás desigualdades económicas, sociais e culturais (formativas e informativas) que dificultan tanto o acceso como o uso comunicativo e cidadán das tecnoloxías da información e da comunicación. En calquera caso, os proxectos lectores de centro deberán garantir que ningún alumno ou alumna acabe excluída do seu dereito á información por non acadar unha competencia mínima no uso dos instrumentos e das tecnoloxías que o sistema educativo pon ao seu alcance.

2. **Para un acertado desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, deberá elaborarse un Plan Anual de Lectura (PAL) que recollerá, entre outros aspectos, unhas liñas**

¹¹ http://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Integracion_competencias_ALFIN-AMI_-sistema_educativo.pdf





prioritarias de actuación ou programa específico para a biblioteca. Estes documentos de planificación son imprescindibles para garantir actuacións que poidan dar resultados, alleas a dinámicas repetitivas e inconexas.

O Plan Anual de Lectura é a concreción anual do Proxecto Lector de Centro, en función das necesidades observadas na avaliación do curso precedente. A modo de orientación, propónse o seguinte guión de contidos:

5. **Obxectivos. Fundamentación** (relacionada coas directrices do proxecto lector de centro e o contexto do curso correspondente: necesidades máis urxentes que cómpre atallar; resultados das avaliacións máis recentes, programas nos que está inmerso o centro etc.).
6. **Organización de espazos e tempos** para a lectura e para o traballo coa información.
7. **Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro.**
8. **Seccións** (bibliotecas de aula ou departamento).
9. **Rutinas de lectura.** Actividades sistemáticas:
 - a. *Actividades na hora da biblioteca ou na Hora de ler*
 - b. *Actividades de lectura compartida (acompañamentos lectores, lectura en parella....)*
10. **Recursos humanos** que interveñen nas actividades de fomento da lectura.
11. **Itinerarios lectores.**
12. **Actividades programadas e temporizadas:**
 - a. **Proxectos documentais integrados**, programas de formación de usuarios, campañas de lectura, programas para o desenvolvemento da competencia informacional e mediática etc.
 - b. **Actividades puntuais:** obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro Infantil, Día do Libro, Día da Paz, 8 de Marzo, Semana da prensa, Día das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente...)
 - c. **Recursos e materiais**
13. **Ler en familia.** Actividades para a implicación das familias.
14. **Seguimento e avaliación**

En relación coas liñas prioritarias da biblioteca escolar a incluír neste Plan Anual de Lectura, deberán contemplarse, como mínimo, actuacións nos seguintes ámbitos:

14. *En relación coa organización e xestión (automatización e organización da colección, incluídos os recursos electrónicos seleccionados); provisión de recursos, en distintos soportes e formatos; servizos bibliotecarios básicos; mecanismos para a difusión da información; espazos dixitais (páxina web, blog ou presenza nas redes sociais); persoa designada como responsable da biblioteca escolar; equipo de apoio; usos e horarios de apertura (en tempo lectivo e non lectivo).*



15. *En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.*
16. *En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital).*
17. *En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro.*
18. *Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro.*
19. *Criterios e procedementos de avaliación (dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro, entre outros). Indicadores e instrumentos a utilizar.*

3. **O equipo de apoio á biblioteca, xunto coa persoa designada como responsable dela, e en colaboración coa xefatura de estudos, será o encargado de elaborar e difundir a través de distintas canles o plan de traballo anual, que favoreza a participación nas actividades e o uso por parte de alumnado e profesorado, das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.**
4. **Desde a biblioteca escolar coordinaranse as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro e deberán contemplarse os beneficios de experiencias xa contrastada como a “Hora de ler”, actividades de lectura compartida ou os clubs de lectura, nas súas diferentes fórmulas.**

Interesa discernir entre o proxecto lector de centro e as fórmulas para a promoción da lectura que se poden empregar para conseguir os seus obxectivos. Así a “Hora de ler” ou os “itinerarios lectores” contribúen ao desenvolvemento do proxecto lector pero non deben confundirse con el (máis claramente: un listado de lecturas recomendadas non é un proxecto lector; nin tampouco o é un plan anual de lectura; da mesma forma, un calendario de “hora de ler” só serve para detallar esta actividade pero non pode ser entendido como o plan anual de lectura). Cómpre, así mesmo, realizar un esforzo por sistematizar prácticas que dan resultado como as “lecturas compartidas”, entre outras, e sempre incluír as estratexias de comprensión lectora, adaptándoas á lectura impresa ou dixital, en cada caso.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da páxina da Asesoría de Bibliotecas Escolares e outros espazos do Portal Educativo, pon a disposición do profesorado múltiples recursos informativos, así como exemplos de experiencias en centros de referencia da Rede de bibliotecas escolares, co fin de facilitar estes labores de deseño e posta en marcha de actividades de innovación en relación coas funcións da biblioteca segundo o modelo proposto.¹²

5. **Poñerase especial atención en superar a fase de “celebración” dos días marcados no calendario civil ou no ciclo anual, facendo unha selección non ritualista dos días que se con-**

¹² Páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>





memoren desde a biblioteca, acorde cos obxectivos do Proxecto Lector de Centro, do correspondente Plan Anual de lectura e, de existir, do proxecto documental integrado ou proxecto anual de centro, de carácter interdisciplinario, coordinado desde a biblioteca escolar. Suxírese traballar temáticas vinculadas aos *Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030* da ONU, ou outras con gran potencial educativo (lectura, xéneros literarios minoritarios, cultura tradicional, dereitos humanos, cuestións do ámbito das ciencias sociais ou naturais etc.), co fin de poder facilitar a elección das datas a conmemorar e, como consecuencia, a mellora de resultados.

Cómpre diferenciar moi ben cales son as funcións específicas da biblioteca escolar no centro. Cada ano é máis urxente poñer toda a enerxía e os recursos da biblioteca escolar ao servizo da formación de lectores e escritores competentes e eficaces (con actividades sistematizadas e integradas na vida cotiá do centro), e de educar as habilidades e destrezas propias da competencia en información e medios (ALFIN/AMI), e a estes obxectivos irá destinado o grosor da actividade da biblioteca escolar. Coidarase que calquera proposta que se realice reforce ou complete esta formación.

Recoméndase especialmente a sistematización de actividades que comezan tendo un carácter puntual (lecturas compartidas, acompañamentos lectores, sesións de formación de persoas usuarias, exposición oral de traballos etc.) para obter mellores resultados.

Así mesmo, recoméndase que cada biblioteca identifique unha temática na que poder especializarse e que poida servir de pano de fondo da súa actuación, o que beneficia enormemente a adquisición de resultados. Existen exemplos de bibliotecas que se especializan en formación para a igualdade, dereitos humanos ou integración de ciencias e humanidades (por poñer algúns exemplos), e toda a súa actividade, temporal ou permanente, enfócase a conseguir avances nestes ámbitos educativos, o que está a producir excelentes resultados. Cómpre, á hora de seleccionar unha temática “reitora” deste tipo, evitar cuestións banais e escoller temas relevantes no campo social e educativo.

Recoméndase tomar como referencia a disposición adicional primeira da Orde de 19 de abril de 2021, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos para o curso 2021/2022 (DOG do 04/05/2021), que recolle as orientacións desta consellería en relación á organización e funcionamento das bibliotecas escolares.

Terceira. Xestión técnica e patrimonio bibliográfico.

- 1. A colección da biblioteca escolar debe responder ás necesidades das persoas usuarias en materia de lectura e de información e, por suposto, cubrir todas as áreas de aprendizaxe propias das ensinanzas que imparte o centro.** Procurarase unha axeitada integración das ciencias e das humanidades. Segundo as recomendacións internacionais, tenderase a acadar un 60% de fondos de tipo informativo e un 40% de fondos de ficción (neste cómputo téñense en conta tamén os recursos electrónicos





seleccionados pola biblioteca). Os centros de tipoloxía específica (conservatorios, escolas oficiais de idiomas e outros) deberán contemplar tamén os recursos para a promoción da lectura.

2. **Empregaranse sistemas estandarizados** para o rexistro, catalogación, clasificación e presentación física ou virtual dos materiais que forman parte da colección, como os programas Meiga ou Koha-Bescolares (que comezará a instalarse paulatinamente na rede de bibliotecas escolares de Galicia).

Esta dirección xeral remitiu aos centros no curso 2018/2019 unha “CDU Ilustrada” (tamén accesible na web de Bibliotecas Escolares de Galicia) que debera ser tida en conta.

3. **Na xestión da colección terase en conta a lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia, pola que deben conservarse determinados fondos.** Ademais, contemplaranse as seguintes cuestións á hora de realizar labores de expurgación dos fondos:
 - a. **Débense conservar os libros editados en galego con anterioridade ao ano 1984, especialmente aqueles relacionados coa literatura infantil e xuvenil, ou vinculados co ámbito educativo. No caso de non poder garantir a súa axeitada conservación, deberán ser transferidos ao Mupega (Museo Pedagóxico de Galicia).**
 - b. **Para expurgar libros anteriores ao ano 1950 deberá consultarse co Mupega.**
 - c. **No caso de recibir a oferta de doazóns, cada centro deberá estudar a viabilidade de aceptalas, atendendo á súa pertinencia e relevancia para formar parte da colección, e tendo en conta que a biblioteca escolar actual non debe quedar supeditada á existencia deste tipo de doazóns se non hai espazo suficiente ou medios para a xestión das mesmas (ou o contido da doazón non se considera de interese para ese centro educativo en concreto). Consultarase con esta dirección xeral (Asesoría de bibliotecas escolares) as posibles saídas a este tipo de situacións.**
 - d. **Conservaranse aquelas obras de persoas relevantes no ámbitos das artes, das ciencias, do deporte etc. que teñen carácter único por conter anotacións, dedicatorias, ex libris...**
4. **Cando existan este tipo de fondos de carácter histórico ou de alto valor patrimonial e se decida preservalos no propio centro, deberán tomarse medidas para diferenciar o “fondo histórico” (creando unha “biblioteca histórica” ou unha “biblioteca de investigación”), do resto dos fondos, equipamentos e servizos da biblioteca escolar, deseñada para cubrir as necesidades do alumnado no presente, conforme ao recollido na cláusula primeira destas instrucións.**

Cuarta. Profesorado responsable da biblioteca escolar e do equipo de apoio; alumnado voluntario.

1. Tal e como aparece recollido na Orde de 17 de xullo de 2007¹³, no seu artigo 8º, **a dirección do centro designará unha persoa como responsable da biblioteca escolar** por un período mínimo de dous anos, dando prioridade á súa formación específica, a experiencia, o interese e

¹³ [Orde de 17 de xullo de 2007 \(DOG de 24/07/2007\) que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función tutorial e outras funcións docentes.](#)



a dispoñibilidade horaria, e que actuará baixo a coordinación da xefatura de estudos. As funcións desta dinamización están recollidas no artigo 10º da devandita orde.

Cómpre ter en conta que a experiencia na biblioteca escolar, xunto coa formación que se vai adquirindo de forma paulatina, contribúen á especialización do profesorado neste ámbito, o que constitúe unha garantía de estabilidade e de continuidade. Recoméndase que se favoreza, no posible, a permanencia do profesorado nestas funcións, máis aló dos dous anos que se marcan como mínimo.

2. **A persoa responsable da biblioteca integrárase na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.**
3. **Crearase, así mesmo, un equipo de apoio á biblioteca**, formado por profesorado do centro dos distintos niveis, etapas ou departamentos existentes no centro, para garantir o seu carácter interdisciplinario.

*Trala experiencia destes últimos anos do programa de bibliotecas, e en canto á composición do equipo da mesma, **débense ter en conta as seguintes cuestións:***

8. **Cómpre garantir a estabilidade e adecuación do equipo de apoio e da persoa responsable da biblioteca escolar que o coordina.**

Dunha selección axeitada da persoa responsable da biblioteca e da continuidade do profesorado no equipo de apoio, dependen en boa medida os resultados do investimento realizado, tanto en recursos materiais como en formación do profesorado.

9. **A designación como responsable de biblioteca recaerá preferentemente en profesorado definitivo no centro.**

Evitarase sempre o nomeamento de persoal laboral non docente ou profesorado en función de substitución, para esta función de coordinación, clave para dar continuidade á dinámica da biblioteca (aínda que poderán integrarse perfectamente no equipo de apoio). Os resultados destas prácticas son, frecuentemente, negativos.

10. **O funcionamento da biblioteca escolar é unha responsabilidade organizativa do centro polo que deberá facerse unha distribución horaria do profesorado de forma axustada ás necesidades de atención deste importante instrumento educativo ao servizo do centro.**

O esforzo organizativo realizado pola comunidade educativa para a atención da biblioteca escolar, á hora de distribuír as horas dispoñibles no horario do profesorado, trala adxudicación da docencia directa, resulta decisivo para poder desenvolver as potencialidades da biblioteca.



*A xestión e dinamización dunha biblioteca activa, con beneficios para toda a comunidade educativa e que inflúe en todos os procesos de ensino e aprendizaxe, **conleva un número de horas de atención importante**. A implicación dos equipos directivos é crucial á hora de distribuír o paquete de horas dispoñible para a atención das necesidades pedagóxicas do centro, e a biblioteca **debe ser unha prioridade***

11. **As sesións de garda de biblioteca, realizadas pola profesorado responsable ou membro do equipo de apoio son sesións de traballo efectivo ao servizo da biblioteca e da comunidade educativa (traballo que ademais se poderá identificar e avaliar), o que se deberá ter en conta á hora de valorar a súa asignación.**
12. **Dá excelentes resultados a concentración das horas de garda na biblioteca (en horario lectivo ou nos períodos de recreo), no horario daquel profesorado que forma parte do equipo.** *Desta forma facilítase non só a xestión dos procesos técnicos, a coordinación, o deseño e realización de actividades de dinamización; tamén a posta en marcha de programas de educación para a competencia informacional directamente co alumnado, o asesoramento ao resto do profesorado en materia de lectura, apoio ou responsabilidade en materias de libre configuración como a actual “Investigación e Tratamento da Información”, para 1º e 2º de ESO (así como as correspondentes adaptacións para 4º/6º de primaria), apoio a proxectos de investigación do alumnado, propostas de carácter interdisciplinario, uso dos recursos dispoñibles en relación coas distintas áreas de aprendizaxe etc., todas elas funcións imprescindibles da biblioteca escolar na actualidade.*
13. **Unha fórmula que pode garantir unha atención axeitada da biblioteca é reservar todo o horario dispoñible (con horas lectivas fóra da atención directa a alumnado e horas complementarias) dos integrantes do equipo de apoio e da persoa que o coordina, responsable da BE, unicamente para a atención da biblioteca.** *Sempre que sexa posible, engadiranse gardas por parte doutro profesorado, en número suficiente para que a biblioteca se manteña aberta, con atención directa, a meirande parte do horario e tamén, na medida do posible, en horario extraescolar. En calquera caso, a biblioteca escolar deberá estar sempre a disposición do alumnado nos tempos de recreo.*
14. **Un dos factores máis relevantes á hora de obter resultados é a coordinación entre o equipo de biblioteca e, principalmente, o ENDL e o profesorado responsable das TIC, o Departamento de Orientación, o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, ou o programa Abalar/E-dixgal, na programación das súas actividades.** *Igualmente, obtéñense mellores resultados cando existe coordinación entre a biblioteca escolar e outros programas do centro: Proxecta, Proa, Programas Europeos, Convivencia etc.*





4. **Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro deberá dar prioridade á biblioteca escolar e asignar horas lectivas e complementarias ao responsable da biblioteca e ao profesorado do equipo de apoio**, axustadas ao labor que estes docentes realizan en beneficio de toda a comunidade educativa, a efectos de facer rendibles os importantes investimentos realizados nas bibliotecas e de velar polo cumprimento das funcións que lles corresponden no centro educativo.
5. **Desde a xefatura de estudos** favorecerase, no posible, un tempo para a coordinación entre os membros do equipo de biblioteca.

Cómpre ter en conta que levar a cabo as funcións da biblioteca escolar esixe tempo de coordinación, a efectos de facilitar e optimizar o traballo do profesorado neste ámbito.

*Estas actuacións están amparadas pola normativa vixente que se relaciona¹⁴. A existencia dun plan anual de actuación (Plan Anual de Lectura e Liñas prioritarias de actuación da biblioteca escolar), xunto coa memoria final de curso deberá terse en conta como **indicador do traballo efectuado e dos resultados obtidos**, así como os mecanismos de avaliación que o propio equipo, xunto coa xefatura de estudos determine. **Obsérvase un maior rendemento naquelas bibliotecas nas que os integrantes do equipo contan con unha hora de coordinación semanal no seu horario**, polo que se deberá valorar esta cuestión á hora de elaborar os horarios do profesorado. Na práctica, esta hora é, á súa vez, un tempo de traballo efectivo a prol dos obxectivos da biblioteca escolar.*

6. **Recoméndase a creación dun grupo estable de alumnado voluntario, con formación inicial, distribución de tarefas e supervisión do profesorado**, á vista dos excelentes resultados desta práctica nos centros incluídos nas iniciativas do programa “Bibliotecas Escolares Solidarias”, tanto para o alumnado participante como para o conxunto da comunidade educativa.

A existencia de alumnado voluntario, organizado nun grupo específico de colaboración, é unha fórmula que axuda non só a conseguir resultados magníficos con este alumnado (está a ser, por exemplo, unha fórmula de integración de gran interese), xa que contribúe á súa formación como lectores, usuarios de información e cidadáns activos e solidarios; facilita tamén certos labores de xestión e apoio a outro alumnado que, baixo a supervisión do equipo de biblioteca, resultan dar excelentes resultados.

7. O profesorado que configura o equipo da biblioteca coa colaboración dun grupo de alumnado voluntario programará cada curso, entre outras tarefas, a formación das persoas usuarias da mesma, a través dun mínimo de actividades sistematizadas, planificadas previamente.

¹⁴ [Orde de 17 de xullo de 2007 \(DOG de 24/07/2007\) que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes. Regulamentos Orgánicos dos centros.](#)





Quinta. Avaliación

1. **As bibliotecas escolares aplicarán indicadores de avaliación** para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das liñas de actuación deseñadas.

A través desta dirección xeral poderán ter acceso a diversos instrumentos que facilitarán esta avaliación¹⁵. Así mesmo, desde a coordinación do Plan LÍA de bibliotecas escolares (Asesoría de Bibliotecas Escolares) facilitaranse ferramentas axeitadas a esta función.

2. **A persoa responsable da biblioteca escolar coordinará a realización dunha memoria anual que incluíra unha avaliación dos servizos ofrecidos pola biblioteca e os apoios e actividades realizadas ao longo do curso escolar.** Esta memoria será visada pola dirección do centro e integrada na Memoria Final do centro que se remite á Inspección. Nos centros PLAMBE esta memoria deberá recoller, ademais, os aspectos que se contemplan no apartado correspondente da orde anual de convocatoria, e hase de remitir a esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a súa valoración nos tempos establecidos a tal efecto.

Completarase esta información cos datos recollidos no formulario que desde o seguimento do programa se porá a disposición do profesorado que xestiona as bibliotecas escolares, e que deberá cubrirse en formato web, a efectos estatísticos sobre os resultados do Plan de mellora de bibliotecas escolares desta consellería. Ao cubrir este formulario o equipo de biblioteca obtén unha fotografía bastante fidedigna do papel da biblioteca escolar no centro e pode ser unha referencia para futuras actuacións.

No exercicio das súas funcións, os servizos de Inspección Educativa favorecerán o desenvolvemento das actividades programadas sobre lectura e uso da biblioteca escolar, e supervisarán o axeitado funcionamento dos servizos e dos programas de bibliotecas escolares, así como a atención prestada a este centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe na organización xeral do centro, posta de manifesto no horario anual do profesorado e no Plan Xeral Anual do centro.

Sexta. Garantías para o cumprimento destas instrucións.

O persoal desta dirección xeral, adscrito á Asesoría de Bibliotecas Escolares, orientará e informará en relación aos aspectos metodolóxicos recollidos nestas instrucións de acordo co Proxecto Lector de Centro e a organización e funcionamento da biblioteca escolar.

A Inspección Educativa velará polo cumprimento das presentes instrucións, moi especialmente nos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares e orientará en relación coas mesmas aos distintos sectores da comunidade educativa.

¹⁵ [Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes? Ferramenta de autoavaliación. FGSR-Ministerio de Educación, Cultura e Deporte \(2012\)](#)



Cláusula específica COVID-19 – Curso 2021/2022

A biblioteca escolar debe seguir sendo, na medida do posible, o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes, en liña coas instrucións recollidas neste documento, beneficiando así a toda a comunidade educativa e ofrecendo oportunidades diversas de acceso a información relevante. O seu funcionamento supeditarase, en todo caso, ás pautas ditadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o conxunto do centro educativo.

Esta cláusula, específica para o curso 2021/2022, recolle (no documento principal destas instrucións) unha serie de medidas que deberán actualizarse en liña coas pautas da consellería e os protocolos elaborados polo centro para o funcionamento no curso 2021/2022, en función dos diversos escenarios posibles segundo a evolución da situación sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Jesús Manuel Álvarez Bértolo
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

